



Agradecemos ao documento "Investigación e documentación sobre Cereixo e a Costa da Morte", que forma parte do proxecto "Mirador Ría de Cereixo. Interpretación do Mar", por aportar información necesaria para a creación desta Unidade Didáctica.

UNIDADE  
DIDÁCTICA.

Mirador Ría de Cereixo.  
Interpretación do Mar

5º PRIMARIA  
6º PRIMARIA



Cofinanciado pola  
Unión Europea



Grupos de Acción Local  
do sector Pesqueiro  
Costa da Morte



XUNTA  
DE GALICIA



**5º - 6º**

**PRIMARIA**



**PORTO DE CEREIXO.** Un lugar con historia dende o medieval.  
Saqueos de normandos e piratas sarracenos.  
Visita do rei Afonso VIII de Galicia e León.  
A carta póboa de Cereixo.  
Creación dun Manuscrito Ilustrado Medieval.

**A TRASLATIO DE CEREIXO.** Unha das máis antigas do mundo.  
Arquitectura románica.

**CREATIVIDADE E MEDIOAMBIENTE**  
Mirador Ría de Cereixo, ideas e propostas creativas.

Esta Unidade Didáctica forma parte do proxecto "**Mirador Ría de Cereixo. Interpretación do Mar**", impulsado polo Concello de Vimianzo e subvencionado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e Acuicultura (FEMPA) e da Xunta de Galicia a través do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP).

## PORTO DE CEREIXO. Un lugar con historia dende o medieval.

Dende o **século X ata o XII**, a ría de Camariñas e a costa de Cereixo foron o escenario de saqueos de piratas sarracenos e viquingos, tamén coñecidos como normandos.

Durante o **século XIII**, o rei Afonso VIII de Galicia e León visitou Porto de Cereixo, e quedou tan marabillado polo lugar que redactou unha **carta póboa**, outorgando varios privilexios á localidade e á súa xente, pasando así a chamarse **Póboa de Cereixo** ou **Puebla de Cereijo**.



Este cambio na súa historia fará que Porto de Cereixo chame a atención das familias nobres galegas, comezando coa **Casa dos Traba**.

**SABÍAS QUE...** Unha carta póboa ou carta puebla é un documento escrito por un rei para poñer en valor un lugar e concederlle beneficios a este e os seus habitantes.

### Actividade para a clase:

Busca información sobre sucesos medievais na comarca de Terra de Soneira e facede unha posta en común co resto da clase.

**Completa e colorea** estas letras capitais para que teñan un toque medieval.



Busca información sobre sucesos medievais na comarca de Terra de Soneira, baseado niso, escribe un pequeno relato.

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

## Remata este manuscrito ilustrado medieval sobre a historia de Cereixo.

Na Idade Media, non existía imprenta coma a coñecemos hoxe en día, os libros, tamén chamados códices, eran escritos e pintados a man. Este tipo de volumes son os **Manuscritos Ilustrados Medievais**.

Os manuscritos ilustrados ou iluminados medievais están formados xeralmente por un texto acompañado de marcos debuxados, ilustracións detalladas e unha letra capital moi ornamentada.

Na seguinte folla hai un exemplo de páxina dun **manuscrito ilustrado sen rematar**. Segue os seguintes pasos:

- 1- Lee o texto do Manuscrito.
- 2- Remata a ilustración inacabada e colorea, baseándote nas ideas que o texto proporciona.
- 3- Repasa as letras con bolígrafo ou rotulador negro.
- 4- Completa e colorea a letra capital.

### Actividade para a clase:

Baseándote no relato que escribiches e o estilo que deseñaches na letra capital da páxina anterior, caligrafía a túa historia nunha cartolina con estilo medieval. Deixa un espazo para a ilustración.



Baseándote no relato realizado na páxina 5,  
**realiza unha ilustración de estilo medieval.**



C

ereixo marabillos ao rei Afonso VIII de Galicia e León cando o visitou. Isto fixo que o rei o dotara dunha “carta póboa”, fundándoo así coma “Puebla de Cereijo” no século XIII.


## A TRASLATIO DE CEREIXO. Unha das máis antigas do mundo.

A Igrexa de Santiago de Cereixo é unha construción de estilo **románico**, construída posiblemente a finais do século XII. Como comparten varias similitudes, créese que os artistas que traballaron neste templo poden ser os mesmos que os de Xaviña e Leis.

Unha característica moi particular deste edificio é que, na súa porta Sur, no tímpano, hai unha representación da Traslatio de Santiago Apóstol.

**SABÍAS QUE...** Na arquitectura, o tímpano é o espazo que hai na parte superior do arco dunha porta ou ventá. Xeralmente ten forma de medialúa.

**Esta é a traslatio máis antiga gravada en pedra que se coñece do mundo.**



### Actividade para a clase:

Busca fotografías ou visita a Igrexa de Cereixo e compara o estilo románico desta construción con outras edificacións da zona. Analiza e valora se poden ter o mesmo estilo artístico ou non. Por exemplo: o castelo de Vimianzo.

---

---

---

---

---


---

---

---



Este é o **Mirador de Cereixo**, debuxa e colorea que che gustaría ver aquí.



**Escribe aquí as túas ideas e pensamentos**  
sobre o Mirador de Cereixo.

Como che gustaría que fose?

---

---

---

---

---

---

---

---

Que che gustaría ver dende alí ?

---

---

---

---

---

---

---

---

Prefires ver o amencer, o solpor, unha noite estrelada ou un día soleado dende o miradoiro? Por que?

---

---

---

---

---

---

---

---

Saberías dicir cal ou cales son os lugares que se poden ver dende o Mirador de Cereixo?

<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>